

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica
Valcárcel Fernández, Patricia

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Fco. Javier
García Fontán, María Soledad
Pardo Froján, Juan Enrique
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta M^a

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Abelleira Acebedo, Pablo
Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen

INVITADO

Ares Gómez, José Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de xuño de 2023, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 20 de xuño de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de abril de 2023 e a sesión extraordinaria do 11 de maio de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Informar da suspensión do artigo 5 da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.
5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.
6. Aprobación, se procede, das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito.
7. Aprobación, se procede, das propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.
8. Aprobación, se procede, da modificación de pagos máximos por coordinación para todos os títulos propios.
9. Aprobación, se procede, da convocatoria de retención de talento da Universidade de Vigo ano 2023.
10. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de contratación de persoal investigador.
11. Aprobación, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa de base tecnolóxica "Prismatrix".
12. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da empresa Centum Research And Technology, para a súa elevación ao Consello Social.
13. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material para o centro de investigación CINBIO e o grupo Blosuv da empresa Lonza Biologics Porriño SL., para a súa elevación ao Consello Social.

14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
15. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS.
16. Quenda de intervencións.

O reitor agradece a presenza da nova secretaria xeral, así como a incorporación do novo vicerreitor do campus de Ourense, Francisco Javier Rajo.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de abril de 2023 e a sesión extraordinaria do 11 de maio de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións ás actas e pide que se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Ademais do proxecto Nós, que é un PERTE no cal non participa a Universidade de Vigo, hai unha iniciativa da Xunta de Galicia, na que participan as tres universidades, cada unha por separado, e nós temos a ledicia de ter o grupo liderado por Carmen García Mateo, con xente tamén de humanidades. Un grupo moi interesante, con xente de Telecomunicacións e Filoloxía, moi importante para o desenvolvemento lingüístico, das ferramentas que van a servir para que o galego ocupe o seu sitio.
- Tamén informa que intentarase chegar a tempo coa titulación de Enxeñaría da Automoción dual. En realidade xa estamos fora de tempo porque xa tería que estar feita a proposta e non está aínda rematada, pero tamén deixa constancia para a tranquilidade, de que, no caso de que non acepten que o Grado se realice única e exclusivamente co número de alumnos correspondente cos que van a ter entrada dentro do consorcio constituído por Stellantis, CETAG e Clúster da Automoción, non se poñerá en marcha. Pensamos que todo o alumnado que entre no grado dual poida facer efectivamente a titulación dual. Polo tanto, aínda están abertas algunhas portas, aínda que o máis probable é que non se poña en marcha neste curso.
- Chegamos a tempo co Grao de Deseño e o Máster de Enxeñaría Aeroespacial, que esperamos teñan moito éxito, ademais dos mestrados de Galicia 2030, en Xestión Sostible da Auga, Ciencia, e Tecnoloxías da Información Cuántica e Fabricación Aditiva.
- Informa tamén do Plan de acollemento formativo, organizado pola Xerencia e coa participación dos servizos, para que as persoas que participaron no concurso de méritos do PAS funcionario e que se van a mover poidan ter as mellores ferramentas para facer o seu traballo. Engade que a Xerencia pasou á representación sindical unhas novas bases para a negociación da implantación dun plan experimental de teletraballo para o persoal PAS da Universidade de Vigo, a ver se podemos chegar a un acordo e desta sae adiante.
- Informa tamén dunha serie de actos institucionais co gallo do Día das Letras Galegas, con Francisco Fernández del Riego como a persoa á cal se lle fixo homenaxe, lembrando que foi o primeiro Doutor Honoris Causa da Universidade de Vigo.

- Distintivo de igualdade: Tres centros o gañaron este ano, a Facultade de Dereito, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e o centro de investigación AtlanTTic.
- Temos un novo Doutor HC Nicholas Kotov, figura mundial.
- Peche programa Stembach 2021/2023. Parabéns ás persoas que participaron e moi especialmente o agradecemento ao traballo feito cos centros de secundaria que permiten espertar vocacións e tamén o camiño de igualdade.
- Acto de celebración de toma de posesión de funcionarios, uns 75, aínda que non puideron estar todos, pero xa tiñan tomada a posesión con anterioridade.
- Celebrouse The Thinking Institute, coa presenza de 12 investigadores de altísimo nivel, traballando arreo con persoas mais xoves da nosa institución e doutras institucións.
- Tamén indica que se celebraron en Vigo as I Xornadas Open Science CRUE, organizadas pola vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo e a reitora da Universidade de Alicante, cunha duración de dous días, formando parte da sectorial da CRUE, cun gran éxito de participación. Esperamos que sexa un paso na dirección correcta, por unha banda da avaliación moito mais comprensiva, o que se chama o paradigma COARA, e tamén para que todos sexamos quen de poñer os nosos resultados á disposición de toda a comunidade de xeito gratuíto.
- Visita do Ministro de Universidades, que despois estivo en toda a primeira sesión das Xornadas Open Science.
- Celebrouse un merecido e emocionante Homenaxe a Don Celso, Catedrático de Filoloxía xa falecido e un dos fundadores da nosa universidade.
- Houbo unha nova edición dos premios ETIV, mestrado que ten moito éxito.
- Celebrouse en Vigo o Congreso AEDEM, con presenza incluso do Presidente da Xunta de Galicia.
- Tamén tivemos o Congreso Internacional de Lingüística Sistémica Funcional, e por primeira vez vimos cheo o edificio Redeiras co acto Vigo Noir, cidade ilustrada, organizado pola Facultade de Filoloxía e Tradución, dentro das ‘Conversas coa nosa xente’.
- Temos un novo proxecto europeo, liderado por María Jesús Iglesias Briones: Biodiversidade e saúde dos solos.
- Celebrouse en Vigo a Asemblea Xeral do European Marine Biological Resource Centre (EMBRC), con representación de 9 países.
- Temos dous novos membros do xurado dos Premios Nacionais de Cultura: José Montero e Gonzalo Navaza, amosando unha vez mais a puxanza da Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Celebrar que o Premio Hilo Tesis foi para Vanesa Sanz, unha doutora da nosa universidade.
- Dentro da cátedra telefónica, a Universidade de Vigo gañou de novo o Torneo de debate entre 25 universidades públicas do Estado, con Martín Blanco e Pablo García, que o fixeron moi ben e pódese ver xa que está pendurada na rede.
- O reitor lembra tamén un evento que foi moi importante xa que foi das últimas cousas que organizou Manolo Ramos, o Congreso Eunis, reuniu a 210 asistentes de 24 países para debater sobre a transformación dixital das universidades europeas.

Remata o informe ás 10:28 h.

3. Informar da suspensión do artigo 5 da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, que informa de que a actual normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo foi aprobada polo Consello de Goberno, o día 16 de decembro de 2016, e polo Consello Social da Universidade de Vigo, o día 12 de xuño de 2017, e publicada no DOG o día 30 de xuño de 2017.

O Consello de Goberno do día 28 de abril de 2023 e o Consello Social do día 7 de xuño de 2023, aprobaron unha nova normativa de permanencia e progreso, pero debido a que aínda non está aprobada polo Consello de Universidades, e tampouco publicada no DOG, non se poderá implantar no curso 2023-2024.

A vixente normativa establece no artigo 5 o seguinte:

Da permanencia do estudantado de grao

- a) *O alumnado de grao de primeiro curso e de novo ingreso deberá superar, polo menos, dúas materias ou 12 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo e unha materia ou 6 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial.*
- b) *O estudantado de grao que non supere os mínimos indicados no número anterior poderá continuar os seus estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo, condicionado á superación no seguinte curso académico de, polo menos, 30 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo e 18 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial. De non superalos, non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Vigo.*

Na nova normativa de permanencia o artigo 5 quedaría redactado do seguinte xeito:

O alumnado de grao de primeiro curso e de novo ingreso que acceda a través de calquera proceso de admisión, agás a admisión aos cursos de adaptación ao grao (cursos ponte) deberá superar, polo menos, 6 ECTS, tanto se está matriculado a tempo completo como a tempo parcial. De non superalos, non poderá continuar os mesmos estudos na Universidade de Vigo. Neste cómputo non se terán en conta os créditos obtidos por recoñecemento.

Dada a diferenza entre as dúas normativas neste artigo, o Servizo de Xestión de Estudos de Grao solicitou á Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade de Vigo suspender o control do actual artigo 5 para o alumnado de primeiro de novo ingreso que se vai matricular no curso 2023-2024, debido a que no curso 2024-2025 xa non se poderá aplicar o apartado b) da normativa actual, por entrar en vigor a nova normativa de permanencia. Por outra banda, ao alumnado que non cumpríu o apartado a) do artigo 5 para a matrícula do curso 2022-2023, non se lle pode facer o control automático do apartado b) para a matrícula do curso 2023-2024 debido ao cambio na plataforma de xestión académica.

Dita comisión, na xuntanza celebrada o 31 de maio de 2023, aprobou a solicitude en base á Disposición adicional segunda da citada normativa que prevé: *Autorízase a Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade de Vigo para ditar as disposicións e as instrucións precisas para desenvolver e aplicar o establecido na presente normativa, así como para adoptar as disposicións e as accións pertinentes ante situacións excepcionais non previstas nela. Esta comisión dará conta de tales disposicións ao Consello de Goberno.*

En cumprimento da dita disposición adicional, dáse conta a este Consello de Goberno da resolución reitoral de 13 de xuño de 2023 pola que se resolveu:

Suspender a aplicación do artigo 5 da normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo (DOG núm. 124 Venres, 30 de xuño de 2017), no curso 2023-2024.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, que expón o seguinte: Polo que se refire ao punto 4, ten que ver coa selección das áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrático/a de universidade. Aínda quedan prazas que se poden vincular á oferta de emprego público do ano 2022, en concreto quedan 28 prazas, e de acordo coa actualización das listaxes que para Catedráticos/as de universidade se fixo a comezos deste ano, en xaneiro comezouse co proceso de actualización, que rematou en marzo, poderían sacarse 12 prazas de catedrático, que é o que se pide, a proposta, e aínda quedarían outras 16 prazas vinculadas a OPE do 2022 para poder sacar. En xullo deste ano, iniciárase unha nova actualización da listaxe, pero agora, as prazas actualizadas, estarían constituídas por estas doce.

O reitor pregunta se foi aprobado por unanimidade na mesa de negociación, e a vicerreitora de Profesorado e Ordenación académica responde que si, que foi aprobado por unanimidade na mesa de negociación, proxectando a continuación o seguinte cadro:

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a Catedrático/a de Universidade (RR 24/02/23), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/19 e modificado Consello de Goberno de 02/03/23)

PRAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
1	Bioquímica e bioloxía molecular (A060)	Bioquímica, xenética e inmunoloxía (C03)	Vigo
1	Comunicación audiovisual e publicidade (A105)	Comunicación audiovisual e publicidade (X14)	Pontevedra
1	Dereito romano (A180)	Dereito privado (X02)	Vigo
1	Xenética (A420)	Bioquímica, xenética e inmunoloxía (C03)	Vigo
1	Física aplicada (A385)	Física aplicada (T08)	Ourense
1	Historia antiga (A445)	Historia, arte e xeografía (H05)	Ourense
1	Enxeñaría telemática (A560)	Enxeñaría telemática (T13)	Vigo
1	Linguaxes e sistemas informáticos (A570)	Informática (T15)	Ourense
1	Lingüística xeral (A575)	Tradución e lingüística (H12)	Vigo
1	Máquinas e motores térmicos (A590)	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos (T03)	Vigo
1	Óptica (A647)	Física aplicada (T08)	Ourense
1	Química física (A755)	Química Física (C11)	Vigo

Apróbase por maioría, coa abstención de Ana Isabel González Penín.

5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, que expón o seguinte cadro, despois de actualizar á listaxe correspondente á oferta de emprego de 2022, precisando que houbo unanimidade en todas as reunións, e que farase outra actualización da listaxe en xullo:

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a Titular de Universidade (RR 24/02/23), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019 e modificado Consello de Goberno 02/03/23)

PRAZAS	ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
1	Comercialización e investigación de mercados (A095)	Organización de empresas e márketing (X09)	Ourense
1	Dereito do traballo e da s. social (A140)	Dereito público especial (X13)	Vigo
1	Dereito financeiro e tributario (A150)	Dereito público especial (X13)	Pontevedra
1	Estatística e investigación operativa (A265)	Estatística e investigación operativa (C05)	Vigo
1	Filoloxía inglesa (A345)	Filoloxía inglesa, francesa e alemá (H04)	Vigo
1	Enxeñaría cartográfica, xeodésica e fotogramétrica (A505)	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente (T06)	Vigo

Apróbase a proposta por maioría, coa abstención de Ana Isabel González Penín.

6. Aprobación, se procede, das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen sinala que este ano houbo catro solicitudes, tres solicitudes de nomeamento de profesor emérito de tres persoas, e unha renovación.

Hai uns días que foi a reunión da COAP, e logo de analizar a normativa e as solicitudes e toda a documentación ou cumprimento dos requisitos esixidos para poder ser nomeado como profesor emérito, a proposta da COAP sería, en relación con dúas solicitudes, a de Carlos Hervés Beloso e a de Antonio Vaamonde Liste (renovación), positiva, de acordo co cadro seguinte no que se expón a situación de cada un deles:

1 Proposta de nomeamento como profesorado emérito a partir do 01/09/23

C06 Matemáticas

Área A0015 Análise Matemática

Carlos Hervés Beloso

- Cumpre requisitos da Normativa de profesorado emérito
- Informe favorable do Consello de Departamento

2 Proposta de prórroga como profesorado emérito durante os dous cursos académicos seguintes (2023/24 e 2024/25)

C05 Estatística e investigación operativa

Área A0265 Estatística e investigación operativa

Antonio Vaamonde Liste

- Cumpre requisitos da Normativa de profesorado emérito
- Informe favorable do Consello de departamento

3 Proposta de desestimación das solicitudes de nomeamento como profesorado emérito

C12 Química Orgánica

Área A0765 Química Orgánica

Yagamare Fall Diop

- Non cumpre requisitos da Normativa de profesorado emérito
- Informe favorable do Consello de departamento

T01 Deseño na enxeñaría

Área A0515 Enxeñaría dos procesos de fabricación

José Enrique Ares Gómez

- Cumpre requisitos da Normativa de profesorado emérito
- Informe desfavorable do Consello de departamento

A COAP fai a proposta de desestimación destas dúas últimas solicitudes, de acordo coa situación presentada no cadro anterior. Polo que respecta ao profesor Yagamare Fall Diop, e despois de ter celebrada a COAP, e terse enviada a documentación ó Consello de Departamento, fixeron chegar dous informes da decana da facultade de Química, e do Consello de Departamento, enalzando a

traxectoria profesional deste profesor, manifestando o recoñecemento para poder ser nomeado catedrático emérito. Aquí o problema é que de acordo coa normativa, non cumpre os criterios para poder ser emérito. O reitor intervén para dicir que se podería pensar con posterioridade, en unha modificación da normativa para evitar que se produzan situacións inxustas.

O profesor Ares, pide a palabra como invitado, para intervir con voz e sen voto. En primeiro lugar agradece a posibilidade de participar como invitado neste Consello de Goberno, para explicar os feitos relacionados, desde o seu punto de vista, coa tramitación irregular de profesor emérito. Explica que o Consello de Departamento no que se desestimou foi no seu día impugnado, e a Asesoría Xurídica informou de que debería repetirse dito Consello de Departamento, xa que non se deran as garantías de respectar a súa honorabilidade e que había que facelo de outro xeito, con un informe razoado que presentase propostas favorables, por escrito ao Departamento, antes do debate, ou propostas de informe desfavorables. Neste caso, o informe que se aprobou, foi redactado despois da votación, non houbo ningunha presentación por escrito ao Consello de Departamento de informes desfavorables, si houbo catro presentadas por dous membros da área, distintos, da área de expresión gráfica na enxeñaría, e dous da área de enxeñaría de procesos de fabricación, un deles presentado polo solicitante, e nese Consello de Departamento solicitei a palabra, e na proposta que se fixo polos catro, cada unha distinta, insistía que se verificaba que o solicitante cumpría todos os requisitos necesarios para ser profesor emérito. Non houbo ningunha proposta de informe razoado desfavorable.

O que si houbo é un debate, posterior, e cando el fixo a presentación do informe favorable, fixo constar que nos seus méritos, dos 34 membros do departamento, participaron en colaboración con el 22 dos membros do departamento. Un dato importante, xa que todos coñecían a veracidade dos méritos que se poñían no informe. Ata o punto de que o profesor Ares insistira varias veces en preguntar si había vicios na proposta de informe favorable que se realizara, tanto no do profesor Ares como nos outros tres. Non houbo ningunha manifestación de que houbera vicios neses informes, polo tanto o que estaban dicindo e que eses informes eran veraces e houbo unha aprobación de todos os membros presentes no Departamento de que eses informes eran verídicos e que eran informes favorables. Posteriormente houbo un debate, no cal interviñeron outros membros do Departamento que non presentaron ningún informe, dando uns argumentos nos cales en cada un deles, o profesor Ares pediu a palabra para que constara en acta os argumentos espurios que estaban dando ese membros do Departamento, e que polo tanto non procedía a votación que ía facerse con posterioridade, posto que os razoamentos eran falsos ou non tiñan nada que ver coa normativa vixente, ademais quedou ben claro que cómprese con todos os requisitos y que a maioría de membros do Departamento comparten méritos con el. Ademais, os méritos do profesor Ares xa foran ratificados no Consello de Departamento no punto anterior, para figurar como Presidente en un tribunal de praza, como xa fixo en varias ocasións. Engade que mantivo unha entrevista coa vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica previa á celebración da COAP, a quen lle deixou copia de toda a documentación que demostran todas as irregularidades que na súa opinión se cometeron neste asunto, e que polo tanto, non se debe ter en conta ese informe que realizouse posteriormente á votación, e con bastante retraso. E aínda hoxe en día, os membros do Departamento non coñecen a acta provisional. Se todos os argumentos eran favorables, non se podía votar que non.

Engade que ten o sexenio de investigación vivo e o de transferencia, e o quinquenio de docencia tamén o ten vixente.

Pide que conste en acta que se investigue se é certo todo o que conta o profesor Ares.

Se **adxúnta en ANEXOS 1 e 2** (ao final da acta), a documentación presentada polo profesor Ares Gómez, para unha mellor comprensión dos feitos acaecidos.

Despois da intervención do profesor Ares, o reitor intervén para pedir a aprobación por asentimento da proposta feita pola COAP, recoñecendo a condición ex novo como profesor emérito do profesor Carlos Hervés Beloso, a renovación do profesor Antonio Vaamonde Liste, e denegar as dúas, do profesor Yamagare Fall Diop e do profesor José Enrique Ares Gómez, aínda sendo plenamente conscientes da valía dos dous profesores cuxa proposta foi rexeitada pola COAP.

No caso do profesor Yagamare Fall Diop, o reitor comprométese en breve a facer un estudo por se a normativa fora lesiva para unha persoa que se incorpora de fóra e polo tanto non podendo ter o número de sexenios e quinquenios por non estar previamente no sistemas universitario español. Se así fora, traeríamolo de novo ao Consello de Goberno. E no caso do profesor Ares Gómez, o reitor entende que hai unha serie de cousas que vai facer chegar, (o profesor Ares indica que xa fixo chegar todo á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica), e farase un estudo da cuestión por se houbera algún erro.

O profesor Ares Gómez pide que conste en acta que exercerá as accións legais oportunas, seguindo o informe da Asesoría Xurídica que indicou as irregularidades na votación do Consello de Departamento.

Apróbase por maioría, co voto en contra do Profesor Rafael Durán Barbosa.

7. Aprobación, se procede, das propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, que expón o seguinte cadro:



CURSO 2024/2025	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	INTERUNIVERSITARI O	COORDINACIÓ N	ESTADO
	Grao en Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense). Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Vigo)	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final
	Grao en Comercio	Facultade de Comercio	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	Modificación	NON	NON	UVigo	Non presentada
	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Modificación	NON	NON	UVigo	Non presentada

PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias	SI	NON	UVigo	Non presentada
PCEO en Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias	SI	NON	UVigo	Non presentada
PCEO en Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	SI	NON	UVigo	Non presentada

O PCEO en Enxeñaría Agraria queda para o curso 2025-2026.

Proponse aprobar a parte correspondente aos graos, que quedan aprobados por asentimento.

CURSO 2024/2025	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	INTERUNIVERSITARIO	COORDINACIÓN	ESTADO
	Mestrado universitario en criminoloxía	Facultade de Dereito	Verificación	SI	SI(UDC+UVIGO)	UDC	Memoria final
	Mestrado universitario en ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Verificación	SI	SI(UDC+UVIGO)	UVigo	Memoria final
	Mestrado universitario en ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua	Facultade de Filoloxía e Tradución	Verificación	SI	SI(SUG)	USC	Memoria final
	Mestrado universitario en economía circular	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Verificación	SI	SI (SUG)	UVigo	Memoria final
	Mestrado universitario en tradución multimedia	Facultade de Filoloxía e Tradución	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final
	Mestrado universitario en enxeñaría de minas	Escola de Enxeñaría de Minas e da Enerxía	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final
	Mestrado universitario en enxeñaría informática mención dual	Escola Superior de Enxeñaría Informática	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final

O vicerreitor explica as características dos mestrados con carácter interuniversitario, e o que ten mención dual.

CURSO 2024/25	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	INTERUNIVERSITARIO	COORDINADOR	ESTADO
	Mestrado universitario en innovación educativa	Facultade de Educación e do Deporte	Verificación	SI	SI(SUG)	UVigo	Rexeitada a memoria definitiva na xunta de centro
	Mestrado universitario en realidade estendida	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Verificación	SI	SI(SUG)	UDC	Non presentada
	Mestrado universitario en gobernanza electrónica e transformación dixital	Facultade de Dirección e Xestión Pública	Verificación	SI	SI(SUG)	UVigo	Non presentada
	Mestrado universitario en <i>E-Health</i>	Escola Superior de Enxeñaría Informática	Verificación	SI	SI(SUG)	USC	Non presentada
	Mestrado universitario en enfermería	Facultade de Fisioterapia * (mentres non se cree a Fac. de Enfermería)	Verificación	SI	NON	UVigo	Non presentada
	Mestrado universitario en enxeñaría de telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Modificación	NON	NON	UVigo	Non presentada

O mestrado universitario en innovación educativa, que foi rexeitado, necesita máis traballo para irse adaptando ata que se poida chegar a unha aprobación por parte do Centro.

CURSO 2024/2025	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	INTERUNIVERSITARIO	COORDINADOR	ESTADO
	Mestrado universitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	Facultade de Filoloxía e Tradución	Modificación	NON	SI(SUG)	USC	Modificación non substancial (decembro 2023)
	Mestrado universitario en lingüística aplicada	Facultade de Filoloxía e Tradución	Modificación	NON	SI(SUG)	UDC	Modificación non substancial (decembro 2023)
	Mestrado universitario en técnicas estatísticas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Modificación	NON	SI(SUG)	UVIGO	Modificación non substancial (decembro 2023)

Apróbanse por asentimento.

CURSO 2024/25	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	INTERUNIVERSITARIO	COORDINADOR	ESTADO
	Programa de doutoramento en Contabilidade	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	Verificación	SI	SI (UBU+UAM+UCA +UPO+UVIGO)	UBU	Memoria final
	Programa de doutoramento en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	Modificación	NON	NON	UVigo	Memoria final
	Programa de doutoramento en sistemas software intelixentes e adaptables	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	Modificación	NON	NON	UVigo	Modificación non substancial (decembro 2023)

Apróbanse por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da modificación de pagos máximos por coordinación para todos os títulos propios.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente que expón o seguinte:

ANTECEDENTES:

Pagos máximos por hora de docencia e coordinación de títulos propios aprobados polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2022.

Prezos dos títulos propios da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024 aprobados polo Consello Social o 21 de marzo de 2023.

PAGOS MÁXIMOS POR COORDINACIÓN:

O custo da coordinación non pode superar o 15% do orzamento dun título de mestrado de formación permanente (60-120 ECTS).

Máximo global: 6000 € que poderá percibir a dirección académica.

PAGOS MÁXIMOS POR COORDINACIÓN:

O custo da coordinación non pode superar o 10% do orzamento do resto de títulos propios.

Títulos de especialista (30-60 ECTS), experto/a (15-30 ECTS) ou diploma de formación superior universitaria (> 20 ECTS): 3000 € que poderá percibir a dirección académica.

PAGOS MÁXIMOS POR COORDINACIÓN:

O custo da coordinación non pode superar o 10% do orzamento do resto de títulos propios.

Curso avanzado de posgrao (3-15 ECTS) ou curso de formación universitaria (< 20 ECTS): 1500 € que poderá percibir a dirección académica.

PAGOS MÁXIMOS POR COORDINACIÓN

(Nova proposta que foi aprobada pola Escola Aberta de Formación Permanente): que se fixe por número de créditos e estudantes, e quedaría así:

- Títulos de 15 ou máis ECTS.
 - Dirección académica: 3000 €.
- Títulos de menos de 15 ECTS.
 - Dirección académica: 1500 €.

PAGOS MÁXIMOS POR COORDINACIÓN

(nova proposta):

MOTIVACIÓN:

- Considerar a carga de traballo de coordinación relacionada coa carga en ECTS e o número de participantes e non coa tipoloxía deste.
- A referencia en créditos de novas accións formativas dentro de programas de concorrencia competitiva ou microcredenciais (15 ECTS).

Pódese avanzar xa que, no caso das microcredenciais, onte houbo unha reunión en Málaga. Parece que xa está un borrador de distribución de crédito entre as CC.AA: á Comunidade Autónoma de Galicia tócanlle aproximadamente 2.650.000 euros a repartir, entre as 3 universidades, con un compromiso que é que antes de o primeiro semestre de 2026 temos que ter tres mil cento e algo persoas coa acreditación da microcredencial, e esa microcredencial terá que pasar por un sistema de garantía interno de calidade.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da convocatoria de retención de talento da Universidade de Vigo ano 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que expón o seguinte:

- Mantéñense as catro prazas de anteriores convocatorias.
- Se fixo unha adaptación á nova Lei da ciencia e á LOSU.
- Cambio na modalidade de contrato de distinguido/a a contrato de acceso de persoal investigador doutor, 3 anos (máximo 6 anos).
- Renovación por dous anos con contrato distinguido se teñen R3.
- Docencia 100 horas.

- Aprobada por asentimento na mesa de negociación e na comisión de investigación do 13 de xuño de 2023.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de contratación de persoal investigador.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que sinala que para que o CG teña unha visión global do traballo da UCPI, presenta os concursos do ano 2022 e 2023, incidindo na columna do tempo que se tardaba neste concursos, conseguindo acoutar os tempos empregados.



	Concurso	Prazas totales	Fecha conv	Resol. Def.	Tiempo	Indefinido	Indefinido (art 23bis)	Indefinido art 32bis	Predoutoral	Acceso	DA 5	C.P-6	
2022	1	41	11/7/22	13/9/222m y 2d		5	5			7	2	8	19
	2	38	3/8/22	30/9/221m y 27d		0				3--		17	18
	3	19	26/8/22	7/10/221m y 11d		17	11	6		2--			
	4	57	28/9/22	15/11/221m y 17 d		21	9	12		6--		12	18
	5	2	8/9/22	27/10/221m y 17 d						2			
	6	19	11/10/22	18/11/221m y 7d		19		19					
	7	26	27/10/22	2/12/222m y 6d		5	1	4	4			2	15
	8	2	21/10/22	23/11/221m y 2d		1	1						1
	9	27	21/11/22	3/1/2313d		9	7	2	3				15
	10	3	25/11/22	22/12/2227d		2	1	1					1
	11	30	13/12/22	22/3/233m y 9d		30	30						
	12	34	19/12/22	25/1/231m y 6d		18	13	5	4			3	9
	13	1	21/12/2212/01/23	22d		1	1						
2023	1	68	13/1/23	27/2/231m y 14d		32	10	22	10			13	13
	2	39	8/2/23	15/3/231m y 7d		13	9	4	5			10	11
	3	1	14/2/23	13/3/231 m		1	1						
	4	31	8/3/23	19/4/231m y 11d		15	10	5	3			3	10
	5	21	16/3/23	26/4/2310d		10	4	6	2			2	7
	6	8	20/3/23	26/4/231m y 6d		2	2					4	2
	7	61	30/3/23	12/5/231m y 12d		30	10	20	4			7	20
	8	25	20/4/23	25/5/231m y 5d		4	3	1				11	10
	9	16	5/5/23			7	3	4	1			1	7
	10	30	30/5/23			13	4	9				3	14
TOTAL		599				255	135	120	56	2	96	190	

Principais cambios na normativa, pola adaptación á nova LOSU:

Artigo 9. Requisitos das persoas solicitantes. Normativa en materia de estranxeiría, para que quedase clarexado.

Artigo 10. Presentación de solicitudes. Documentación acreditativa dos méritos das bases da convocatoria. Neste caso a unidade comprobará os requisitos básicos.

Artigo 11. Admisión de participantes. Prazo máis longo ou máis curto.

Artigo 14 e) Condicións para a entrevista.

Artigo 15. Proposta de solicitude, clarexa o da lista de agarda.

Artigo 16. Resolución. Inclúe o desglose de puntuacións.

Artigo 17. 5) Non se poderán formalizar contratos se non compren os requisitos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: promover contratos baseados na resolución provisional, aínda que evidentemente só se poderá formalizar o contrato no momento da resolución definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: marca os prazos das convocatorias e inclúe excepcionalidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA: inclúe a posibilidade de prórrogas nos contratos de duración determinada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA: non poderán autorizarse modificacións nas condicións do contrato de traballo, respecto da oferta, ata transcorrido un ano da contratación.

Aprobada por asentimento na mesa de negociación e na Comisión de investigación do 13 de xuño de 2023.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa de base tecnolóxica “Prismatrix”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que indica o seguinte con respecto a esta Spin-off:

Explotar o coñecemento no ámbito da trazabilidade de materiais téxtiles. Desde os aspectos físico-químicos das fibras ata os tecnolóxicos relacionados co tratamento e a xestión de datos e estratéxicos relacionados coas necesidades do sector.

- Informe de valoración da transferencia de tecnoloxía (VTT).
- Borrador do acordo de transferencia de tecnoloxía UVigo-Prismatrix.
- Borrador do pacto de socios de Prismatrix.
- Plan de negocio da empresa.

Participación: o promotor da iniciativa é Pablo Breogán Sánchez Vázquez, fundador e Investigador Ramón y Cajal, cun 65% de participación. Querosa Tec, S.L, Fundador, sen relación coa Uvigo, un 32%. A Universidade de Vigo tería unha porcentaxe de participación dun 3%, que é o habitual: (180 €). Capital: 6.000 euros. A vicerreitora expón que isto é un exemplo de que a Universidade de Vigo transfere o seu coñecemento.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da empresa Centum Research And Technology, para a súa elevación ao Consello Social.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen explica o seguinte:



O material, valorado en 67.313,70 €, que Centum Research and Technology doa á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, consiste nun sistema completo de radio definida por software (SDR) en tecnoloxía VPX (VITA-48) formado por catro compoñentes:

Backplane VPX de 5 slots con topoloxía mesh.

2. Procesador de banda-base, este compoñente conta cunha CPU (ARM), un DSP (TI) e unha FPGA.

3. Tarxeta receptora (Rx).

4. Unha tarxeta transmisora con frontal analóxico para traballar en banda 900 MHz.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material para o centro de investigación CINBIO e o grupo Blosuv da empresa Lonza Biologics Porriño SL., para a súa elevación ao Consello Social.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen explica que Lonza Biologics doa:

- Catro incubadores New Brunswick modelo Innova 4200 Incubator.

Destino: dúas unidades para o Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO) e dúas para o Grupo de Investigación de Bioenxeñaría e Procesos Sostibles (BIOSUV).

Valoración: 5000 € x 4= 20.000€

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación para que expoña o punto. Conta con VII Títulos, 19 artigos, e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica, e ademais foi aprobado pola xunta directiva do IAA o 11 de maio de 2023.

Apróbase por asentimento.

15. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

- 1 PAS

O reitor indica que presentouse a seguinte candidatura: Carmen Paredes Chapela.

Non procede elección, queda cuberto o posto.

16. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Coral del Río, intervén en nome do colectivo Nós Universidade, con respecto á nova aparecida o 3 de xuño deste ano no periódico El País, que levaba por título: “Un científico que publica un estudio cada dos días muestra el lado más oscuro de la ciencia”. A Universidade de Vigo é tristemente protagonista desta nova, que expón con claridade a propagación de prácticas de investigación absolutamente inadecuadas, prácticas fraudulentas.

Nós Universidade quere facer tres preguntas ao respecto:

- 1) Cal é a valoración que o equipo reitoral fai do exposto en dita noticia?
- 2) Que pensa facer o equipo reitoral ao respecto? Se é que pensa facer algo.
- 3) As prácticas desveladas pola noticia alterarán a política de captación de “talento” investigador altamente citado levada ata o de agora pola nosa universidade?

O reitor agradece a intervención de Coral del Río, se ben non é unha pregunta que lle alegre. Vivimos nun Estado democrático de dereito, o alicerce é precisamente a presunción de inocencia, non de tipo inquisitorial. A valoración do equipo reitoral do documento ao que fai referencia Coral del Río, é que se hai cousas que son tal e como aparecen, serían eticamente reprobables, pero ten que comprobarse a información. Con respecto á segunda pregunta, xa está en marcha unha investigación interna, pero esa investigación interna non significa que se estea prexulgando que esas persoas sexan culpables, significa que co máximo coidado e rigor vaixe levar esa investigación que ademais vai incluír a participación de membros externos á Universidade de Vigo que nos fagan unha análise completa do que aconteceu. Por suposto todo o que ao final saia de aí será público, pero mentres a investigación está aberta hai pouco que dicir.

O reitor engade que afortunadamente a nosa Universidade é unha universidade seria, con procedementos perfectamente establecidos para calquera cuestión que teña que ver coa ética na investigación, e coa ética académica. Por unha banda, queremos ser absolutamente coidadosos coas persoas, e cando se recibiu un respaldo abraiante, maioritario, da comunidade universitaria, o reitor cre que foi por varias cousas: unha por Manolo Ramos, polo seu traballo no primeiro mandato e a súa desgraciada perda fixo que a xente apoiara ao equipo, e tamén a xente que apoiou ao equipo de goberno foi polas políticas que se levaron á cabo, en especial polo respecto e agarimo ás persoas, que está seguro de que Coral tamén o ten. Máximo respecto e máximo coidado cos nosos investigadores, cunha serie de medidas internas que se levan con discreción.

Polo que se refire á captación de talento, non se trata de que non se publique na nosa universidade, sino que se mida a calidade das publicacións. Non se trata de avaliar todo o que se produce, senón dunha escolma do que produce. Hoxe se fala de que canto mais índice de impacto mellor, pero está mudando todo isto. A Xornada de Open Science incide nestes temas, aínda que sabemos das diferenzas que existen entre os distintos ámbitos.

Rebeca Pilar Díaz Redondo pregunta se hai previsión para pagar os complementos da Xunta, entre eles os de excelencia, hai varios. O reitor responde que a Xerente quere que se paguen na próxima nómina. Pide desculpas polo retraso no pagamento. Intervén a Xerente para dicir que como máximo en agosto se poderían cobrar. Fará un comunicado para dicir o prazo.



María Consuelo Pérez Vázquez, móstrase sorprendida polas noticias do Grao en Automoción con mención dual, que non coinciden coas noticias aparecidas en prensa nos últimos días. O reitor explica que este grao ten previstas 20 prazas, pero a Xunta esixe que teña 50 prazas. Aínda que os vindeiros días será aprobado pola ACSUG, o será con 50 prazas, e as 3 empresas que participan neste título (ás que agradece a súa participación) soamente poden aceptar 20 prazas, que terían formación DUAL, polo que a decisión da Universidade de Vigo vai ser probablemente que non se implante este ano. Agradece o esforzo de Juan Pardo con respecto a este grao.

María Consuelo Pérez Vázquez pregunta tamén pola redución da partida de laboratorio docente. O reitor sinala que en equipamento pide desculpas porque hai un pequeno atranco na partida correspondente, e cando poida, aínda que non promete nada, espera poder aumentar esa cantidade.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:37 h. do día 20 de xuño de 2023, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral